

Atraso no informe especializado de probas complementarias

Expediente: I.5.Q/5289/22

Santiago de Compostela, 6 de Outubro de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dun cidadán ao respecto da falta do informe médico de dúas probas complementarias realizadas hai máis dun ano.

ANTECEDENTES

No seu escrito a doente esencialmente indícanos que, foi remitida ao centro médico San Rafael desde o SERGAS a finais do ano 2020 para a realización dunha resonancia nuclear magnética (RNM) e ao centro sanitario do XXX pertencente ao SERGAS para a realización dunha ecografía. A RNM foi realizada o día 7 de maio de 2021 e a ecografía o 26 de maio de 2021.

Refire que ambas probas carecían do informe do radiólogo a día 3 de maio de 2022, motivo polo que presentou unha reclamación ao SERGAS. Desde o SERGAS respóndese que a consulta estaba en lista de espera e que se estaba traballando por diminuír as listas de espera das consultas externas do Complexo Hospitalario.

No momento en que presenta queixa nesta institución, en agosto de 2022, refire que os seus médicos tanto de atención primaria coma de atención especializada non poden acceder aos resultados das devanditas probas, porque estas probas inda non foron informadas polo especialista correspondente.

Ante iso requirimos, información a esa consellería. No informe achegado por dito órgano con data de 13 de setembro de 2022 e rexistrado nesta institución o día 20 de setembro de 2022, indícase o seguinte:

“En relación coa queixa presentada ante esa Institución, e unha vez recibida información previa da Área Sanitaria da Coruña e Cee, sinalar que á paciente realizóuselle unha RM e dúas ecografías que xa están informadas”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

A administración sanitaria dispón dunha capacidade de autoorganización que lle confire a normativa vixente pola que estrutura os procedementos internos necesarios para dispensarlle aos doentes a asistencia sanitaria que precisan.

A administración polo tanto establece os mecanismos que considera oportunos para que tanto as probas complementarias que deriva aos centros concertados coma as que se realizan no marco do SERGAS dispoñan do correspondente informe especializado, de ser o caso, para que os facultativos que as solicitan poidan avaliar os resultados destas probas conxuntamente coa sintomatoloxía e a exploración clínica dos doentes.

É por elo que, cando os profesionais constatan algunha incidencia nos procedementos establecidos para que estas probas complementarias sexan informadas polos facultativos correspondentes, como é este o caso, no que despois dun ano, os médicos que precisan do informe das probas complementarias trasladan ao paciente a ausencia do informe, os profesionais sanitarios deben de activar os mecanismos establecidos a tal fin, de xeito que se proceda a resolver a incidencia rexistrada garantindo así o dereito a protección da saúde dos pacientes.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **recomendación**:

“Cando os facultativos do SERGAS precisen do informe especializado das probas complementarias que solicitan, deben asegurarse de que este informe está dispoñible nun período de tempo razoable considerando o estado clínico do doente en cuestión”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.



Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo